

Documento distribuído por



8-3-1984. Un teatriño de rúa

A Asociación Galega da Muller- Compostela

Data de publicación: 27-04-2011



Comisión de Igualdade

Pazo de Raxoi, 2º andar. 15705 Santiago de Compostela (Galicia)
Tfno.: 981957202 / Fax: 981957205 / xenero@consellodacultura.org

1 y 2 homes sentados en una terraza. Pasa una tía y les da un panfleto sobre el 8 de marzo. La tía va de punta en blanco.

Ellos comentan:

1: Oye, esa tía está como Dios. Está buena de carallo!

2: lee el panfleto y dice: Ostia, pero si es feminista. Non o podó creer, ¿que fará coas feministas?. Non estará metida na AGM ou nunha cousa de esas, non?

1: Pois non o sei. Non me pega porque non a teño visto cas feministas senon xa me houbera dado á vista. É raro porque non ten bigote, nin é así pequeniña, mal feita. Hasta ten tetas!. Esta ben servida!. Non dá o tipo de feminista e eu dende logo, lle facía un favor sin pensálo duas veces... Porque mira que son cazos esas feministas: teñen unha que eu a chamo a “muralla humán” e hai outra carallo que ten un bigote que quen mordera a min. Por tanto, eu che digo que esta tía non ten nada que ver cas feministas. E dende logo si se lle ocurriu meterse alí dentro, na AGM ou como coño se chame, estará como un pulpo nun garaxe.

Ostia, falando de feministas: esoutro día no Tamboura pola noite non?, tomandome unha copa e tal, chegaron 2 callos con pelos, eses dos que estamos falando que joder puxeronse como unhas fieras, joder pero como se pusieron, total porque un rapaz que estaba na barra deulle unha palmada no cú.

Son unhas histéricas

Mira tío que no se enrollen

Eso será para disimular. Porque ahí, e dígocho eu que o sei, hai máis de 3 que... bueno, que... con un polvo ben botado, pasaban de feminismo cagando hostias.

2: Ja, ja: Falando de polbos, ¿sabes que din agora?; Que de penetración nada! ou sexa que o faran aquí (sinálase o sobaco)

1: Pois mira tío, si e que ademáis esas tres son unhas reprimidas del copón, Por que dime tú que hacen sin penetración

2: Bueno, joder: ¿como non van a pasar de penetración si son lesbianas?

1: Bueno tío a min non mas dan. Estou seguro de que máis dunha merca plátanos de máis.

2: Ademais mira, eu tenho lido algunha cousa desas sobre o lesbianismo e os máis acreditados psiquiatras e sexólogos din que o rolo do lesbianismo é por envexa do pene.

1: Vamos, o que te decía eu non, ahora moita loita e tal e cual... pero como encuentren un buen tío, se va al tacho, se desfai a AGM esa. Por certo, ligache ti con algunha feminista?

2: Pois, si bueno. Salín con unha como 1 mes ou así, pero joder era un rollo malísimo
Imaxínate que por 4 putas veces que fun durmir a súa casa. ¡ostia! ¿sabes con que me
sale la tía!. Pues nada joder, que tiña eu que lavar os platos e facer as camas. Ah! Ah! e
pá colmo non se lle ocorre outra cousa que decirme que ou compro condóns ou “rollo de
marcha atrás”! ou manivela pátras e porco para o cortello

1: joder tío, menudas noiteciñas debeuche dar a tía esa non?

2: Así non me extraña que non liguen. Porque as tías así, as feministas non ligan un
carallo. Sempre, sempre van tías soas. Eu as vexo moito ahí no Abrigadoiro, que non sei
si é que teñen reunión tódolos días ou que non teñen con quen salir e van sempre todas
xuntas

1: Si, a min daime a risa cando as atopo por ahí. Danme ganas de decirlles. ¡Que
bombóns vindes dunha das vosas “convivencias”!

2: Lo de bombóns va con sorna, non?

1: Si, ostia: ahora me lembro dun rollo que tiveran no Toural. Contóume o outro día
Paco, o do partido (estaba con el ultimando os rollos para a mani do día da clase
traballadora), que tendo elas a mesa de propaganda no Toural, tiñan moitos carteis,
entón chegoulles un home e dixolles: Aquí en vez de ter tanta pancarta con rollos de
igualdade e independencia, debíades ter un cartel que puxer: “HAY CALLOS”
Mira, bah, tampouco hay que darlles tanta importancia pois no fondo, tamén hai boas
rapazas. O que lles pasa é que son unhas frustradas

- Si, bueno tío, eu marcho, que na sede temos que sair de pegada esta noite, os carteis da mani do 8 de marzo

- Si, eu tamén voume que teño xuntanza cos do sindicato e que se me fai tarde

- Hasta outra, bueno,

- Verémonos na mani do Domingo, non?

-Si, home si. Faltaría máis. Eu non sei se haberá moita xente no rollo do 8 de marzo porque as bases inda non están SENSIBILIZADAS con este tema de liberación da muller.

- Si, bueno, hasta logo

- Hasta logo